

GAÑADORA na categoría de SECUNDARIA

PAULA DOMÍNGUEZ BARREIRO

IES Valle Inclán, Pontevedra

CAVILACIÓNS DE SOBREMESA

Erguín as cellas cun aire despectivo e cravei o meu ollar de ferro nela, con odio, envexa, xenreira por existir.

A miña vida era unha insoportable, esgotadora rutina. Un bulebule interminable que semellaba un círculo vicioso. Ao rematar, pórme a remollo e, xa limpa, repousar tan só unhas horas. E volta a comezar nese fervente lugar, cunha paciencia incansable, sempre os mesmos movementos, mentres a espreitaba alí, no seu despacho, co seu corpo delicado, esvelto, fermoso. Lavábase menos ca min, pero a súa pel relucía coma unha perla, coma a lúa albela nunha noite escura. No seu espazo, envolta nunha calma tranquila e agradable, inmersa nun recendo de basta dozura.

Era preciosa, mellor, dunha porcelana fina intocable.

«Quen me dera ser ela...»

Ata que ocorreu. Foi un accidente sutil, curto, mortal. A traizón quixo que aquela miserenta caída a levase para sempre. Entón todo mudou; pasáronme ao seu posto.

Gocei os primeiros días, levada polo orgullo e a crueldade, pero pronto comecei a sentir pequeno aquel lugar. Semellaba demasiado escuro e frío, ameazador. Non podía escoitar as voces da xente, sentía como se a desacougante soidade cortase o ar. A vida detíñase naquel teito de cúpula e por iso agora me arrepía. Este ulido doce atórdame. Paréceme que as paredes curvas se estreitan, oprimíndome cada vez máis. Quero saír, síntome sucia nesta infinita pureza branca.

Tan só podo ver a luz do sol uns poucos minutos diarios, estou certa de que odio esta penumbra. Eu sempre fun sinxela, humilde, imperfecta. Os adornos deste lugar son excesivos, demasiado sofisticados e perfectos.

Admíto: prefiro ser de novo unha corrente culleriña de café. Digo eu que non lles custará tanto mercar outra culler de porcelana para a azucreira, non?